B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.	§ EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.	3	12	6,00
	§ EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.	3	12	3,00
	§ EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.	3	12	6,00
	§ EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións.	3	12	3,00
	§ EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.	2	11	6,00
	§ EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.	2	11	6,00
	§ EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.	3	12	6,00

Programación Departamento de Economía- IES Canido 2022-2023

	§ EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.	3	12	6,00
	§ EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas.	3	12	6,00
Bloque 7. A función financeira				
B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa.	§ EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.	3	13	6,00
B7.2. Concepto e clases de investimento.	§ EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.	3	13	6,00
B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento.	§ EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.	3	14	6,00
B7.5. Ciclos da empresa.	§ EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.	3	14	6,00
B7.6. Período medio de maduración.	§ EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.	3	14	6,00
	§ EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.	3	14	6,00
	§ EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.	3	14	6,00
	§ EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.	3	14	6,00
	§ EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.	3	13	3,00
	§ EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.	3	13	3,00

4.4. Metodoloxía didáctica

Cada unidade desenvolverase do seguinte xeito:

- **Introdución e avaliación inicial**

A partir dun texto introdutorio e unhas cuestións se tenta detectar os coñecementos previos a nivel conceptual e o interese que presenta o alumnado fronte a unidade a desenvolver. O mesmo tempo tamén se trata de elevar o nivel de motivación buscando conexións coas súas experiencias persoais.

- **Desenvolvemento de contidos**

Explicación dos contidos intercalando exercicios, cuestións relacionados, exemplos referidos o entorno mais próximo, análise de casos, actividades de aplicación, debates ou comentario de artigos de prensa, investigacións na web ou proxección de fragmentos de vídeos segundo tema que se trate co fin de reforzar os contidos.

O emprego de recursos de diferentes tipos trata de facer mais atractivo o aprendizaxe, acercar os contidos a realidade cotián do alumnado o tempo que o estimula a coñecer as diferentes tecnoloxías da información e comunicación.

As actividades propostas tratarán de expoñer os problemas económicos contextualizados relacionando as causas e os efectos e se orientarán a desenvolver no alumnado a capacidade de análise, reflexión e de interpretación da información e o achegamento o razoamento económico.

Engádense tamén orientacións para preparar as probas de acceso a Universidade e resolución de casos prácticos das mesmas.

4.5. Materiais e recursos didácticos

O libro de texto recomendado ao alumnado é o seguinte:

Alfaro Giménez, José y otros. *Economía de la empresa*. Editorial Mac GrawHill. 2020

Outros libros de referencia:

Cabrera, Andrés e Lluch Enrique, *Economía de la empresa*. Editorial -SM. Madrid, 2009.

VV.AA. **Economía e Organización de Empresas**. Ejercicios prácticos. Baía Edicións, 2007

Prieto Puga, Rafael. *Economía da empresa*. Baía Edicións. A Coruña, 2009.

Suárez, A. *Curso de Economía de la Empresa*. Ed. Pirámide. Madrid 1995.

De Paz cobo, Sonia y otros. **Economía de la Empresa**. Ed. La casa del saber Santillana. 2009

Pérez César, Alberto. **Economía de la empresa**. Ed. Galinova. 2010

PeralesSoler, David. Economía de la empresa. EdPearson. 2010.

Páxinas Web y blogs: Anexo

4.6. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Os instrumentos de avaliación serán cualificados do seguinte xeito:

1) Probos escritas individuais (90%)

As probas constarán de preguntas abertas, exercicios de aplicación ou síntese e resolución de exercicios e problemas e serán puntuadas de 0 a 10. Se realizarán dúas por trimestre.

2) Actividades e traballos (10%)

En este apartado se sumará a valoración dos seguintes instrumentos segundo unha rúbrica e segundo os estándares que se traballen en cada trimestre. Se irán sumando puntos segundo unha escala de 0 a 10 para cada trimestre.

a) Observación diaria do traballo durante as clases: Parte fundamental do proceso global de avaliación, no que se proporán actividades para que o alumno resolva de modo autónomo, algunhas propostas polo texto, outras sobre artigos de prensa, outras sobre fragmentos de documentais ou vídeos. Se fará un diario de

clase ou rexistro anecdótico onde se valorará a participación activa nas clases, o esforzo e a asimilación da materia.

b) Actividades entregadas: Para ser puntuadas deberán presentarse dentro do prazo marcado.

A nota de cada avaliación será calculada mediante a media ponderada dos dous instrumentos:

1) Probas escritas individuais: 90%

2) Actividades e traballo na aula: 10%

a) Si o alumno/a obtén na primeira proba menos de un 3 e se examina de todo o trimestre na segunda proba, a nota de este apartado 1 será a nota da segunda proba.

b) Si o alumno/a obtén na primeira proba menos de un 3 e so se examina na segunda proba do contido correspondente á segunda proba deberá recuperar a parte correspondente a proba inferior a 3 na recuperación. Neste caso a avaliación estará suspensa.

Isto indica que a nota media destas dúas probas realizarase so a partir dun 3.

A cualificación mínima para aprobar cada avaliación será como mínimo dun 5.

Cando o alumno faga algunha proba na que recupere os contidos nos que antes tivera unha nota inferior ao 5, terase en conta a nova puntuación para facer o cálculo da media da avaliación correspondente.

A **Nota da 3ª avaliación** será a media aritmética da nota da primeira avaliación, da segunda avaliación e da terceira avaliación tendo en conta as probas recuperadas.

Cualificación final ordinaria: Coincidirá coa nota da terceira avaliación.

Actividades de recuperación

Realizarase unha proba de recuperación despois de cada avaliación.

Ademais o profesor/a poderá esixir o alumno/a a presentación dos traballos e actividades non feitos para calcular a nota da avaliación ou a nota final.

A cualificación mínima para aprobar será como mínimo dun 5.

Na terceira avaliación o alumnado deberá recuperar as partes suspensas nunha última proba se así o precisa para que a súa nota sexa superior ao 5 e poda obter o aprobado.

Para aprobar a avaliación farase unha media aritmética de tódalas probas da avaliación así como dos traballos e da participación activa do alumno (tendo en conta a ponderación de cada parte).

Farase unha proba de recuperación despois de cada avaliación para aqueles alumnos que non superen algún exame.

*****CANDO UN ALUMNO SUPERE UNHA PARTE DA MATERIA QUEDARALLE SUPERADA SEN NECISIDADE DE SE VOLVER EXAMINAR DELA.**

Aspectos a ter en conta:

- Debido ao peso outorgado aos contidos mínimos recollidos como “Practica” nas probas de acceso á universidade (un 50%) e coa finalidade de transmitirle a súa importancia aos alumnos/as e para que a repasen ao longo do curso, poderá haber preguntas prácticas en calquera das probas sempre que xa se tivera impartida esa parte práctica. E dicir, a parte práctica será obxecto de avaliación continua.

-Nas respostas considerarase positiva a utilización dun vocabulario técnico e negativas as deficiencias expresivas e ortográficas.

-A cualificación mínima para aprobar calquera proba ou avaliación será como mínimo dun 5.

- Se esixirá ter as tres avaliacións aprobadas, o sexa, cunha nota mínima de 5, para obter superada a materia.

- Cando o profesor constate que un alumno ou alumna teña copiado nun exame, terá un cero no exame e deberá presentarse a recuperación da materia de ese exame na proba final de xuño. Si o exame no que copiou é o final de xuño terá un cero no exame, suspenderá a materia e deberá recuperar en Setembro.

Proba extraordinaria de Xuño

Para aquelas persoas que en Maio non teñan superado a materia, terán un exame extraordinario de recuperación en Xuño onde se examinarán do temario de todo o

curso e que consistirá nunha proba escrita valorada de 0 a 10 con preguntas abertas e exercicios prácticos.

A cualificación mínima para aprobar será como mínimo dun 5.

4.7.- Deseño da avaliación inicial, aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior e medidas a adoptar como consecuencia dos resultados.

Algúns alumnos xa tiveron contacto coa materia o curso pasado, pero moitos deles non cursaron Economía en 1º Bacharelato, polo tanto non imos ter en conta as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.

Ademáis ao tratarse dunha materia na que non é necesario acreditar coñecementos previos con respecto a segundo, a proba de avaliación inicial empregárase para introducir a materia, coñecer o grado de motivación, as dificultades matemáticas e de expresión escrita.

Consistirá nun cuestionario con preguntas abertas e tipo test sobre Economía de empresa. Se comentarán os resultados na clase con eles. As medidas a adoptar corresponden ao comentado no apartado de atención á diversidade nesta programación.

4.8.- Transición ao ensino non presencial, se fose necesario.

Se vémonos na obriga de continuar a actividade lectiva de forma semipresencial ou non presencial, adoptaremos as seguintes medidas educativas:

c) Procedementos e instrumentos de avaliación máis adecuados:

Deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel de competencia acadado polo alumnado, adecuándose á modalidade de ensino semipresencial ou non presencial.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
Avaliación	Procedementos: Observación do traballo tutelado Análise das producións dos alumnos Probas específicas
	Instrumentos: Non presencial: Tarefas a través de diferentes medios telemáticos Semipresencial: Probas presenciais escritas

Cualificación	<p>Na convocatoria ordinaria Xuño se avaliarán os estándares de aprendizaxe adquiridos ao longo do curso.</p> <p>Prestaremos especial atención a actividades e tarefas de recuperación, reforzo, repaso e ampliación dos contidos do curso correspondente.</p> <p>Os alumnos/as que teñan que recuperar materia impartida durante actividade presencial ,realizarán traballos, actividades ou probas telemáticas que permitan unha avaliación obxectiva.</p> <p>Se considera que o alumno aproba a materia se ten un mínimo de 5 na nota final</p>
Probas	<p>Aqueles alumnos/as que non superen a materia na convocatoria de Xuño, terán unha proba extraordinaria de recuperación no mes de Setembro referida as unidades didácticas e a os estándares que figuran na programación da materia.</p>

d) Metodoloxía didáctica:

Os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas poderánse desenvolver de forma semipresencial e non presencial, ademais de ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e proceso de avaliación continua

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES	
Actividades	<p>Estudo Traballo tutelado Resolución de problemas de forma guiada Resolución de problemas de forma autónoma Presentacións</p>
Metodoloxía	<p>Fomentarase o uso das TICs como resuso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo.</p> <p>Elaboraranse plans de recuperación e reforzo que consistirán na realización de actividades e traballos, tendo en conta a situación de cada alumno ou alumna.</p>
Materiais e recursos	<p>Web do centro educativo, correo electrónico,</p>

	classroom, páxinas web. Libro de texto, presentacións, apuntes facilitados pola profesora.
--	---

5.- Indicadores del logro para avaliar o proceso de ensinanza e a práctica docente

	MATERIA:					
	PROGRAMACIÓN	ESCALA				Observacións
	INDICADORES DE LOGRO	1	2	3	4	
1	Conseguiuse motivar ao alumnado cara á consecución dos estándares de aprendizaxe					
2	A temporalización de contidos e actividades foi axustada.					
3	Conseguiuse a participación activa do alumnado nas actividades e traballos propostos.					
4	Os criterios de avaliación e cualificación estimularon o esforzo continuo do alumnado.					
5	A programación realizouse en coordinación con resto do profesorado.					
6	Antes de iniciar una actividade, fíxose unha introdución sobre o tema para motivar ao alumnado e saber os seus coñecementos previos.					
7	Antes de iniciar unha actividade, expúxose e xustificouse o plan de traballo (importancia, utilidade, etc.) e informouse dos criterios de avaliación.					
8	Orientouse ao alumnado cun mapa conceptual do tema.					
9	As actividades propostas foron variadas han sido variadas na súa tipoloxía e favoreceron a adquisición de las competencias clave.					
10	A distribución do tempo na aula é a axeitada.					
11	Utilizáronse recursos variados (audiovisuais, informáticos, etc.).					
12	Empregáronse estratexias para comprobar que o alumnado entende e que poida pedir aclaracións.					

Programación Departamento de Economía- IES Canido 2022-2023

13	Facilitáronse estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, cómo atopar información, cómo redactar e organizar un traballo, etc.					
14	Consegúuse un bo clima de funcionamento na aula.					
15	As actividades grupais foron suficientes.					
16	Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso.					
17	Proporcionáronse actividades ou estratexias alternativas cando un obxectivo non era alcanzado.					
18	Tivo lugar unha coordinación con outros profesores.					
19	Utilizáronse distintos procedimentos e instrumentos de avaliación.					
20	Os distintos procedimentos e instrumentos de avaliación resultaron axeitados para avaliar.					
21	Proporcionáronse procedementos para recuperar a materia.					
22	Os criterios de cualificación propostos foron axeitados.					
23	As familias foron informadas sobre o proceso de avaliación: criterios de cualificación e promoción, etc.					
24	Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.					
25	O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.					
26	Utilízanse diferentes estratexias metodolóxicas segundo o tema a tratar.					
27	Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.					
28	Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.					
29	Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.					
30	Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc					

6.-Medidas de atención á diversidade

Se considera importante recibir o antes posible a información sobre o alumnado con necesidades educativas especiais ou situacións persoais relevantes para poder tomar medidas personalizadas canto antes. Isto pode ser coñecido a través do departamento de Orientación, a través da información proporcionada polo titores ou titoras ou ben no proceso de avaliación continua cando o alumnado/a non está a progresar por ter dificultades no aprendizaxe.

Os alumnos que cursen un programa de diversificación curricular ou plan mellora, terán como referente fundamental as competencias básicas e os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria, así como os criterios de avaliación específicos do programa.

No caso de alumnado estranxeiro terá lugar a coordinación co profesor/a de atención a estranxeiros para valorar o punto de partida, a evolución do alumno/a e os obxectivos a acadar.

Segundo as causas, as medidas que se tentarán adoptarán serán:

No caso de dificultades de comprensión ou expresión oral ou escrita ou co cálculo matemático, poderase proporcionar algunhas actividades de reforzo en coordinación co departamento de Orientación.

No caso de dificultades específicas coa materia poderase proporcionar algunhas actividades de reforzo.

No caso de percibir escasa autonomía ou hábitos de traballo inadecuados, proporcionaráselles pautas para mellorar as súas técnicas ou reparto de tempos de estudo.

É habitual nestas idades atoparse con casos de baixo nivel de motivación ou baixa autoestima. Aquí considérase importante que o alumno/a perciba que valoramos positivamente os seus esforzos e progresos e tratar de detectar algún punto de conexión entre os obxectivos da materia e as súas capacidades persoais.

No caso de rapaces que habitualmente non buscan axuda ou teñen problemas para traballar en grupo tentar achegarse a eles e facilitarlles que traballen con outros.

No caso de alumnado con diagnóstico específico a través do departamento de orientación se seguirán as recomendacións do mesmo como pode ser proporcionar máis tempo, un seguimento máis personalizado entre outras.

No caso de dificultades por discapacidades físicas tentarase proporcionar ao alumnado os medios que precise.

No caso de alumnado que se incorpora ao longo do curso por traslado se realizará un seguimento personalizado incluíndo proporcionar material e libros si é preciso.

Nalgúns casos resulta efectivo insistir na recollida de información polo alumnado das correccións efectuadas nas probas escritas realizadas e dos exercicios ou actividades.

No caso de alumnado con unha elevada capacidade ou interese se proporcionarán actividades de ampliación, lecturas específicas ou investigacións.

7.-Elementos Transversais

Do mesmo xeito que no resto das materias, na materia de Economía da Empresa traballarase a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Así mesmo fomentaranse o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Fomentaranse a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

Incorporaranse elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sustentable e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e malos tratos ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

Incorporaranse elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, á adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico e ao fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial.

Aspectos específicos dos elementos transversais

Nas distintas unidades da materia traballaremos os seguintes elementos transversais:

1 Comprensión lectora e expresión oral e escrita:

A consolidación do hábito lector debe ser un obxectivo prioritario da educación e por tanto vese reflectido tamén na programación do departamento de Economía. A lectura e a expresión oral promoveranse ao longo do curso mediante:

Lectura de artigos empresariais e posterior debate na aula. Ao longo do curso, co avance das unidades didácticas, facilitaranse textos diversos que requirirán unha asimilación e comprensión por parte do alumno. Se fomentarán técnicas como o subliñado ou a realización de esquemas e resumos escritos.

Prensa económica. Puntualmente, cando a actualidade económica demánde, se levará á aula prensa económica para que o alumno poidase familiarizar coa linguaxe xornalística e á vez adquiran o gusto e a curiosidade pola lectura deste tipo de prensa. Utilizaranse periódicos e revistas especializadas. Á súa vez animará aos alumnos para que traian a clase noticias que eles/as lean e que tamén serán obxecto de comentario e reflexión.

Exames e probas escritas. Prestarase especial atención á correcta escritura, orde e ortografía así como á expresión de termos e unidades propias e específicas da materia.

Actividades de traballo cooperativo no que se produce a socialización dos alumnos.

Exposicións con apoio audiovisual que realicen os alumnos sobre algún contido do currículo.

2 Comunicación audiovisual e Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

Se empregará habitualmente o computador con conexión a Internet e o canón nas aulas de economía. Ademais, nas materias de Iniciación á actividade

empresarial de 4º e Fundamentos de administración e xestión de 2º bacharelato se impartirá unha hora á semana a clase na aula de informática onde pode empregarse un equipo por cada unha ou dúas persoas.

Entre as actividades a desenvolver mediante o uso do TIC podemos citar:

Presentacións das unidades didácticas a través de programas informáticos.

Utilización de Internet na aula informática, como recurso na procura de información da rede, resolución de exercicios, lecturas, etc.

Uso de follas de cálculo para o traballo con datos económicos como a confección de táboas e representacións gráficas. Concretamente poderíanse realizar exercicios de simulación de inversións mediante as funcións VNA e TIR de Excel, exercicios de FIFO E PMP, exercicios de custos e punto morto, balances e análises mediante cocientes, cadros de previsión de ingresos e gastos, etc.

Proxeccións de fragmentos de vídeos mediante o canón dispoñible na aula.

Utilización de simuladores online de xestión de empresas.

Realización de vídeos publicitarios por parte dos alumnos nas materias de Iniciación á actividade emprendedora de 4º ESO e Fundamentos de administración e xestión de 2º bacharelato.

Uso das páxinas web relativas a cada unidade.

Uso de simuladores on line sobre diversas ferramentas de xestión empresarial.

Utilización da plataforma educativa do centro e blog e aula como canle de comunicación co alumno.

3 Emprendemento, educación cívica e constitucional

Educación no emprendemento:

Esto se traballará en todas as materias do departamento pero fundamentalmente nas materias de Iniciación á actividade emprendedora de 4º e Fundamentos de administración e xestión de 2º bacharelato.

Valoración da función social que cumpre a empresa como xeradora de innovacións que melloran a calidade de vida e o benestar social das persoas.

Desenvolvemento do espírito emprendedor a través de habilidades propias do emprendemento tales como a creatividade, o traballo en equipo, a autonomía, a resolución de problemas, etc.

Aprendizaxe a partir dos erros e fracasos e recoñecemento positivo da asunción de riscos.

Educación ambiental:

Conciencia sobre a necesidade dun crecemento económico baseado no desenvolvemento sustentable.

Valoración da necesidade e vantaxes que ofrece a máxima “de triplo R” (reducir, reciclar, reutilizar).

Análise dos efectos negativos da actividade empresarial no medio ambiente.

Procura de alternativas que minimicen o impacto ambiental.

Educación moral e cívica:

Valoración da necesidade da responsabilidade social e a ética nos negocios na empresa.

Reflexión sobre os efectos derivados da globalización e a deslocalización empresarial.

Reflexión sobre a importancia dun sistema fiscal progresivo como instrumento para favorecer a equidade e a solidariedade.

Análise da relación existente entre o consumo abusivo, medio ambiente e pobreza.

Defensa da liberdade de expresión.

Establecemento de relacións baseadas na solidariedade, cooperación e respecto cara aos demais.

Comprensión do respecto que as empresas deben manifestar ante as distintas culturas.

Concienciación da importancia de colaborar e participar activamente no sostemento dos gastos públicos tanto por parte das persoas como por parte das empresas.

Educación para o consumidor:

Reflexión sobre a influencia que exerce a publicidade nos medios de comunicación sobre as nosas vidas.

Adquisición de conciencia de consumidor, como decisor autónomo consciente dos seus dereitos e responsabilidades.

Creación dunha conciencia crítica ante o consumo.

Responsabilidade coa reciclaxe, a reutilización e a redución dos produtos e residuos.

Reflexión sobre a presión que exerce no medio ambiente o consumo excesivo.

Diferenciación da compra necesaria da compra impulsiva.

Reflexión sobre o poder que exercen as marcas sobre os consumidores.

Educación para a paz:

Uso do diálogo baseado no respecto mutuo e a comunicación como medios indispensables para traballar en equipo, tomar decisións ou chegar a acordos.

Crítica dos métodos coercitivos ou violentos que se aplican nalgúns conflitos laborais.

Coñecemento das vías de solución pacíficas nos conflitos laborais.

Rexeitamento aos comportamentos intolerantes.

Preferencia pola solución dialogada ou consensuada antes que o conflito.

Rexeitamento ás guerras e á miseria que provocan.

Análise dos intereses empresariais que poden estar presentes nos conflitos bélicos actuais, tratando de propor criticamente posibles solucións.

Educación para a saúde:

Comprensión da importancia do respecto ás normas de seguridade e hixiene na empresa.

Crítica das prácticas dalgúns empresas multinacionais que non respectan os estándares de seguridade e saúde dos seus traballadores nos países menos desenvolvidos.

Análise da influencia da contaminación derivada do proceso produtivo na saúde humana e animal.

Recoñecemento daquelas prácticas de acoso laboral ou mobbing que afectan á saúde dos traballadores/as.

Educación non sexista:

Análise e crítica das desigualdades laborais entre homes e mulleres.

Reflexión sobre a utilización sexista da muller no mundo publicitario.

Visualización de como a formación persoal favorece a igualdade laboral entre ambos os sexos.

Concienciación da igualdade entre sexos, razas, etnias, etc. no posto de traballo.

Desenvolvemento dunha actitude de respecto de opinións entre persoas diferentes (sexo, raza, etc.).

Reflexión sobre o papel da muller no mundo empresarial e o mundo laboral.

Rexeitamento á violencia de xénero.

8.-Actividades complementarias e extraescolares

As actividades propostas son as seguintes:

- Participación no programa da Concellería de Mocidade do Concello de Ferrol, cuxo obxectivo é que a xuventude poida desenvolver ideas para ser transformadas en proxectos. Actividade destinada aos alumnos de 4º da ESO.
- Colaboración coa Universidade da Coruña, participando na actividade consistente no emprego dunha aplicación no móbil que propón un xogo de preguntas con respostas de opción múltiple sobre a materia de Economía. Actividade destinada ao alumnado de 1º de Bacharelato.

9.-Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Cada profesor na súa programación de aula fará un seguimento da programación e ao rematar o trimestre se revisarán aqueles aspectos da programación que deba modificarse ben para o resto do curso ben para o curso seguinte. Farase especial fincapé nos seguintes aspectos:

MATERIA:						
PROGRAMACIÓN		ESCALA				Observacións
INDICADORES DE LOGRO		1	2	3	4	
1	O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.					
2	Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.					
3	Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.					
4	Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.					
5	Adecuación da estratexia metodolóxica					
6	Adecuación da secuencia de traballo na aula.					
7	Adecuación dos materiais didácticos utilizados.					
8	Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).					
9	Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
10	Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.					
11	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.					
12	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación					

13	Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.						
14	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.						
15	Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.						
16	Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.						
17	Adecuación das actividades complementarias e extraescolares previstas.						
18	Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.						

10. O tratamento e fomento da lectura

En relación co plan lector, a prensa é un recurso moi interesante e importante para a materia. Permite contextualizar, exemplificar e actualizar os conceptos aprendidos. Ao mesmo tempo é un recurso que ten un efecto motivador.

Os obxectivos relacionados co fomento da lectura para este departamento serán os seguintes:

- Concienciar ao alumnado da importancia da lectura da prensa diaria como fonte de coñecemento e actualización permanente ao logo da súa vida.
- Contribuír á comprensión da actualidade económica.
- Servir de base para o debate e confrontación de criterios económicos.
- Exemplificar e aplicar os conceptos novos que van adquirindo nas distintas materias para conseguir comprender mellor artigos con contido económico.
- Fomentar no alumnado a lectura de artigos e libros relacionados coa economía como por exemplo pequenos artigos sobre a vida e a traxectoria dalgúns economistas, artigos de revistas de prensa especializada, novelas con contexto económico.

Para traballar os textos se empregarán os seguintes sistemas:

- Seleccionaranse artigos de prensa ou de revistas que serán lidos na clase. Despois de facer unha lectura individual e feitas as aclaracións que o alumnado demande, se lles pedirá que respondan a unha serie de preguntas para valorar o seu nivel de comprensión.
- Realizar comentarios de opinión persoal ou resúmenes o que permite desenvolver as competencias clave como por exemplo a lingüística.

- Empregando un texto como base realizarase unha actividade tipo debate.
- Tamén se suxerirán lecturas voluntarias de libros recomendados no anexo.

11.Tratamento e fomento das TIC.

A materia de Fundamentos de Administración e xestión presenta bastantes posibilidades para o fomento das TIC. En primeiro lugar unha clase á semana desenvólvense na aula de informática tratando de que cada dous alumnos dispoñan de ordenador con conexión a internet.

Isto permite que podan realizar procuras na web ou confeccionen o plan de empresa en formato dixital.

Na aula dispónse de canon polo que poden facer exposicións con apoio dixital e visual. O diversos aspectos do plan de empresa permite que practiquen con aplicacións como a folla de cálculo ou o deseño de espazos.

Tamén pode empregarse o blog como caderno para as actividades ou manexar o correo electrónico para gardar copias de seguridade dos seus traballos ou como medio de comunicación.

Nas materias de Economía e Economía da Empresa, habitualmente se empregará o proxector para visualizar presentacións que permiten explicar conceptos, e para vídeos sobre economía e empresa. Tamén para investigar información de páxinas oficiais para actualizar o texto e para investigar temas do plan de empresa ou de actualidade relacionados coa materia.

Tamén se empregará un sistema para achegar apuntamentos complementarios e exercicios de repaso coma classroom ou a aula virtual.

12.Contribución ao plan de convivencia.

No desenvolvemento das clases se fomentará a integración de todo o alumnado do grupo coa finalidade de establecer un bo clima na aula.

Prestarase especial atención a prevención e detección de condutas de acoso, violencia, discriminación por razón de raza, sexo, relixión, opinión ou circunstancias persoais ou sociais.

Fomentarse un clima de participación na aula e de liberdade de expresión pero esixindo respecto a opinión dos demais.

Lembrarase os riscos das redes sociais e o teléfono móbil aconsellando un uso seguro, saudable e responsable destes medios.

13. Constancia de información ao alumnado e as familias.

Os primeiros días de clase o profesorado informará ao alumnado dos diferentes aspectos da programación e posteriormente poderá consultala na páxina web do instituto no departamento de Economía.

Sobre o desenvolvemento do curso tamén se empregarán a aula virtual e/ou as contas de g-suit para comunicarse co alumnado, sobretodo cando non se puido acudir á clase. Se proporcionará información sobre o seguemento dos contido da materia, datas das probas escrita, contido que entra nas mesmas, etc. Tamén preguntas para preparar a materia, aclaracións sobre actividades e traballos como os requisitos, prazos de entrega ou calendario de exposicións, material complementario, etc.

14. Anexo 1. Recursos na web para as materias:

1. Contas de g-suit. Classroom, etc
2. Aula virtual
3. <http://www.actualidadeconomica.com>
4. <http://www.admiweb.org/>
5. <http://www.agaedes.org/>
6. <http://www.agenciatributaria.es>
7. <http://anxopenalonga.com>
8. <http://aprendeconomia.wordpress.com/>
9. <http://www.bde.es>
10. <http://blogdelemprendedor.ecobachillerato.com/>
11. <http://blogdeconomiacharro.blogspot.com/>
12. <http://www.blogproyectoempresa.blogspot.com.es/>
13. <http://www.camaras.org>
14. <http://www.ceferrol.com>
15. <http://www.clubinternacionaldeprensa.org>
16. <http://compartiendoconocimiento.wordpress.com>
17. <http://www.ceca.es>
18. <http://www.cincodias.es>
19. <http://www.clubinternacionaldeprensa.org>

20. <http://www.cncompetencia.es/>
21. <http://www.cnmv.es>
22. <http://www.corresponsables.com/>
23. <http://www.crearempresas.com/>
24. <http://www.datosmacro.com/>
25. <http://docenciaydidactica.ecobachillerato.com>
26. <http://dondevanmisimpuestos.es>
27. <http://didacticaeconomia.blogspot.com.es/>
28. <http://www.ecobachillerato.com>
29. <http://www.ecomur.com>
30. <http://www.econoaula.com>
31. <http://www.econolandia.es>
32. <http://www.economiaenlanube.com/>
33. <http://www.economistas.org>
34. <http://www.economyweb.com/>
35. <http://www.edualter.org>
36. <http://www.educaciontrespuntocero.com>
37. <http://www.educacontic.es>
38. <http://www.educatube.es/vídeos/economia/>
39. <http://www.educaweb.com/>
40. <http://www.edumed.net>
41. <http://www.educastur.es/>
42. <http://www.edufinet.com/>
43. <http://www.elconfidencial.com>
44. <http://www.eleconomista.es>
45. <http://www.emprendedores.es/>
46. <http://www.emprendedoresxxi.es/>
47. <http://www.empleo.gob.es/>
48. <http://www.eugo.es>
49. http://europa.eu/index_es.htm
50. <http://www.extoikos.es/>
51. <http://www.expansion.com>
52. <http://www.franquiciashoy.es/>
53. <http://www.fbarrie.org>
54. <http://www.igape.es>
55. <http://www.ige.eu/educacion>
56. <http://www.inem.es>
57. <http://www.inforempleo.net/>
58. <http://www.intermonoxfam.org>
59. <http://www.ipyme.org>
60. <http://www.leer.es>
61. http://librosdetextogratis.com/fotos/1346663876_HTJy.pdf
62. <http://www.meh.es>

63. <http://www.mtas.es>
64. <http://www.observatoriorsc.org>
65. <http://www.oepm.es>
66. <http://www.portal.icex.es>
67. <http://proyectoempresarial.wordpress.com/material-de-trabajo/>
68. <http://www.rmc.es>
69. <http://www.rtve.es/alacarta/>
70. <http://www.seg-social.es>
71. <http://www.sepi.es>
72. <http://www.sepe.es>
73. <https://sites.google.com/site/educandoyemprendiendo/>
74. <http://www.tesoro.es>
75. <http://testeando.es>
76. <http://traballo.xunta.es/>
77. www.ventanillaempresarial.es
78. <http://www.worldwatch.org/>
79. <http://www.wto.org>
80. <http://www.webeconomia.com/>

15.-Anexo 2. Plan Lector

O tratamento e fomento da lectura

En relación co plan lector, a prensa é un recurso moi interesante e importante para a materia. Permite contextualizar, exemplificar e actualizar os conceptos aprendidos. Ao mesmo tempo é un recurso que ten un efecto motivador.

Os obxectivos relacionados co fomento da lectura para este departamento serán os seguintes:

- Concienciar ao alumnado da importancia da lectura da prensa diaria como fonte de coñecemento e actualización permanente ao longo da súa vida.
- Contribuír á comprensión da actualidade económica.
- Servir de base para o debate e confrontación de criterios económicos.
- Exemplificar e aplicar os conceptos novos que van adquirindo nas distintas materias para conseguir comprender mellor artigos con contido económico.
- Fomentar no alumnado a lectura de artigos e libros relacionados coa economía como por exemplo pequenos artigos sobre a vida e a traxectoria dalgúns economistas, artigos de revistas de prensa especializada, novelas con contexto económico.

Para traballar os textos se empregarán os seguintes sistemas:

- Seleccionaranse artigos de prensa ou de revistas especializadas ou blogs sobre economía, empresa ou emprendemento. Os textos poden ser propostos polo

profesor ou ben se proporá a súa procura ao alumnado en relación á diferentes aspectos da materia.

- Os textos principalmente serán lidos na clase. Despois de facer unha lectura individual e feitas as aclaracións que o alumnado demande, se lles pedirá que respondan a unha serie de preguntas para valorar o seu nivel de comprensión.
- Realizar comentarios de opinión persoal ou resúmenes o que permite desenvolver as competencias clave como por exemplo a lingüística.
- Tamén se suxerirán lecturas voluntarias de libros recomendados no anexo.
- Realizar unha lectura comprensiva con aclaracións do profesor e organización posterior dun debate.

Exemplos de Fontes de internet:

<http://blogdeempreendedor.ecobachillerato.com>

<http://compartiendoconocimiento.wordpress.com>

<http://www.ecomur.com/cuestionarios/lecturas1.htm>

<http://anxopenalonga.com/>

<http://blogdeeconomiacharro.blogspot.com/>

Libros e publicacións recomendadas polo Departamento de Economía:

- 1. Revista mensual “Emprendedores”.**
- 2. Comic Economía en 1/2 hora.** webmaster@ecobachillerato.com
- 3. Comic La Bolsa en 1/2 hora.** webmaster@ecobachillerato.com
- 4. El mercado y nosotros** - J.L. Sampedro
- 5. El mercado y la globalización** - J.L. Sampedro. Ed. Destino 2010.
- 6. Economista Humanista: Algo más que cifras.** J.L. Sampedro. Ed. Debate. Barcelona 2009.
- 7. Un mundo para todos. Otra globalización es posible.** J.L. Sampedro.Ed. Icaria 2003
- 8. El vendedor del Tiempo** – Fernando Trías de Bes. Editorial Empresa Activa.
- 9. El hombre que cambió su casa por un tulipán.** Fernando Trías de Bes. Ed.Temas de hoy. Madrid. 2010
- 10.Un naufragio en la Bolsa** - Carlos Torres Blánquez. Editorial Empresa Activa
- 11.El fabricante de helados**– Subir Chowdhury. Ed. Empresa Activa
- 12.El economista camuflado.La economía de las pequeñas cosas.**– Tim Harford. Ed. Temas de hoy. 2007. Madrid
- 13.La buena suerte.** Alex Rovira y Fernando Trías de Bes. Ed. Empresa Activa
- 14.Momentos estelares de la humanidad” Catorce miniaturas históricas.**Stefan Zweig. Ed. Acantilado. Barcelona 2002.
- 15.La crisis Ninja y otros misterios de la economía..** Barcelona. 2008. Leopoldo Abadía. Ed. Espasa-Calpe

- 16. La hora de los sensatos. Una solución práctica a todos los problemas que nos ha traído la crisis.** Leopoldo Abadía. Espasa-Calpe. Madrid. 2009
- 17. El malestar en la globalización.** Joseph Stiglitz. Ed. Taurus.
- 18. Caída libre: Estados Unidos, el libre mercado y el hundimiento de la economía.** Ed. Taurus. Barcelona. 2010
- 19. Como hacer que funcione la globalización.** Joseph Stiglitz Ed. Taurus. 2006
- 20. Comercio Justo para todos.** Joseph Stiglitz y Charlton Andrew. Ed. Taurus. 2007
- 21. La era de las expectativas limitadas.** Paul Krugman. Ed. Ariel. 2010..
- 22. El retorno de la economía de la depresión y la crisis actual.** Paul Krugman. Ed. Crítica. Barcelona 2009
- 23. Quien se ha llevado mi queso.** Spencer Jonson
- 24. Mil millones de mejillones.** Fernando Trías de Bes. Ed. Temas de hoy. Madrid. 2010
- 25. ¿Es posible acabar con la pobreza?** Muhammad Yunus. Ed. Complutense. Madrid 2006
- 26. Manifiesto de economistas aterrados.** Philippe Askenazy y otros. Ed. Pasos Perdidos-Barataria. 2010.
- 27. ¡ Indignaos! .** Stéphane Hessel. Ed. Destino. 2010.
- 28. Homo Economicus.** Anxo Penalonga. Ed. Gestión 2000. 2011
- 29. La vuelta al mundo de un forro polar rojo.** Wolfgang Korn. Ed. Siruela Madrid. 2010
- 30. Momentos estelares de econolandia.** Antonio Pulido. Ed. Ecobook. 2006
- 31. El Banquero de los Pobres.** Muhammmad Yunus. Ediciones Paidós Ibérica, S.A. 2008
- 32. Historia de la economía.** Jhon Kenneth Galbraith. Editorial Ariel. 9ª Ed. 2009
- 33. Historia del pensamiento económico.** Enrique Verdequer. Ed. Acento. 2003
- 34. Historia de la Economía.** Nikolaus Piper. Loguez Ediciones. 2005
- 35. Asesinato en el margen.** Marshall Jevons. Ed. Alianza 2003
- 36. Proverbios para la empresa.** Francisco Javier Fernández Aguado. CIE Inversiones Editoriales Dossat-2000, S.L. 2000
- 37. Ética de la empresa.** Ildefonso Camacho; José Luis Fernández Fernández; Josep Miralles. Ed. Desclée de Brouwer) 2002
- 38. El precio de la desigualdad.** Joseph Stiglitz. Ed. Taurus 2012
- 39. ¿Cómo y cuando acabará la crisis?** Ramón Tamames. Edicions Turpial. Madrid. 2011
- 40. Creadores de riqueza.** Alejandro Gómez. 2012, Courcelle-Seneuil
- 41. Economix.** Michael Goodwin. Ed. Lunwerg 2013
- 42. El dinero en The New Yorker.** (Libros del Asterioide)

- 43. 50 cosas que hay que saber sobre economía.** Edmund Conway. Ed Ariel 2010
- 44. La empresa explicada de forma sencilla.** Francisco López. Libros de cabecera, 2009.
- 45. La economía explicada a los jóvenes .** Joan Antoni Melé. Ed. PUCK 2015.
- 46. Fish.** Stephen C. Lundin M.D. Harry Paul y Jhon Christensen. Empresa activa. 2003
- 47. El fabricante de Helados.** Subir Chowdhury. Empresa activa. 2006
- 48. Iceberg a la vista.** Miguel A. Ariño y Pablo Maella. Empresa activa. 2010
- 49. El pez que no quiso evolucionar.** Paco Muro. Pearson Educación 2003.